

# I XORNADAS SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVO E SEXUAL: NOVAS PERSPECTIVAS

## PRESENTACIÓN

O grupo de traballo e comité organizador destas xornadas, impulsan esta proposta xunto co Museo Provincial de Lugo para iniciar un proceso formativo e informativo no que a aprendizaxe, o intercambio de experiencias, a reflexión e o debate social, sexan os eixos condutores para a implantación de prácticas sociais que dean resposta ás necesidades das persoas LGTBI+ do país. Do mesmo xeito, buscamos crear canles de colaboración coa Rede Museística de Lugo, sempre aberta e sensible ao diálogo, ao recoñecemento e respecto pola diversidade e a loita pola igualdade de oportunidades.

## OBXECTIVO FUNDAMENTAL DAS XORNADAS:

Crear un foro de referencia na cidade e Provincia de Lugo no eido da diversidade afectivo-sexual, dende as ópticas educativa, cultural, socio-sanitaria e xurídica; achegando igualdade, respecto, rigor e acompañamento fronte ao odio, a represión e a limitación de dereitos crecente no momento actual.

## OBXECTIVOS SECUNDARIOS

- O **fomento e apoio á diversidade** como imperativo ético da nosa sociedade, como valor e como elemento a protexer.
- Promover **actitudes críticas cara á discriminación e LGTBifobia** por exercer unha sexualidade ou identidade disidentes ou alternativas.
- **Visibilizar** non só os contextos nos que as persoas o colectivo LGTBIQA+ transitan a diario, senón tamén as boas prácticas e recomendacións daquelas persoas do país que xa están a traballar esta cuestión nos seus respectivos campos
- **Construír un foro de debate** do que poidan derivarse colaboracións, iniciativas e dinámicas sociais que xeren actividade na Cidade e Provincia de Lugo, en materia de diversidade afectivo-sexual
- **Alfabetización en dereitos:** con ferramentas para o apoderamento das persoas, tanto as que estean nas siglas LGTBIQA+ coma a calquera fóra delas; e tanto en materia preventiva como reactiva.
- **Formación a profesionais e futurxs profesionais:** contando con expertxs de primeiro nivel nos seus campos de traballo, coñecedorxs dos puntos febles e oportunidades de mellora nos mesmos.

## MESAS/CONFERENCIAS/OBRADOIROS:

## MAÑÁ

**9:30 Hs. Apertura das xornadas.** Representate da USC, Representante da Área de Cultura Deputación. Presidenta RML, Dona Encarna Lago. Representante do comité organizador das xornadas (MIELD).

**10:00 Hs. Conferencia: “Cuestionando a cisheteronormatividade na escola: Bibliodiversidade como exemplo de boas prácticas”.**

**Ana M. Amigo-Ventureira:** Docente de educación primaria, cursou dous másteres universitarios, un relacionado con comunicación e linguaxe e o outro con representacións culturais e artes visuais desde unha perspectiva feminista e queer. En 2020 obtén o título de Doutoramento Internacional, cunha tese doutoral na que analiza a escola como espazo de reprodución de discursos cisheteronormativos e o papel do profesorado galego na reprodución destes discursos. As liñas de investigación nas que traballa actualmente teñen relación coa literatura infantoxuvenil como ferramenta de cambio social, as pedagogías e as metodoloxías queer, así como coa xenealoxía e historia bisexual.

*A escola é un espazo hostil para as crianzas que cuestionan os ríxidos límites da normatividade. Nesta conferencia falaremos acerca da institución educativa como reproductora de discursos cisheteronormativos e patriarcais, así como sobre o impacto que estes teñen sobre o desenvolvemento do alumnado, forme ou non parte do colectivo LGBTQ+. Ademáis, presentárase como un exemplo de boa práctica educativa o proxecto ‘Bibliodiversidade: as bibliotecas como axentes para educar na diversidade afectivo-sexual’, así como a guía resultante do mesmo.*

10:45 Hs. **Descanso.**

**11:00Hs. Conferencia: “Algúns debates éticos, políticos e antropolóxicos sobre a necesidade dunha educación afectivo - sexual integral”**

**Enrique Latorre Ruiz:** Doutor en Filosofía. Profesor na facultade de Filosofía e investigador na Facultade de Ciencias da Educación. Os seus intereses céntranse nos estudos feministas da ciencia e a tecnoloxía e as políticas queer.

*Algúns debates éticos, políticos e antropolóxicos sobre a necesidade dunha educación afectivo-sexual integral. ¿Está lexitimado o profesorado para incluír leccións de educación afectivo sexual nas súas programacións? Debe facelo? De ser así, que contido debe incluír e como? En que lugar queda o estudantado e os seus dereitos se non o facemos? É a educación afectivo – sexual un dereito? A través de preguntas como estas, durante a presentación abordaranse algúns debates éticos, políticos e antropolóxicos que atravesan a conversación pública sobre a necesidade de incluír a educación afectivo sexual con perspectiva LGBTI no curriculum educativo. Deste xeito, aproximar aos argumentos dun debate complexo que require repensar a nosa práctica educativa no seu conxunto.*

11:45 Hs. **Café-descanso.**

12:15 Hs. **Presentación do Movemento de investigación e estudo lucense, Diverses (MIEL)**

**12:30 Hs. Conferencia:** “Coeducar en Diversidade, coeducar en Igualdade: crear un centro onde poidamos ser nós mesmos.”

**Paloma García García:** Título Superior na especialidade de Guitarra polo Conservatorio de A Coruña. Profesora das materias de Música e Artes escénicas e Danza no IES Castro Alobre de Vilagarcía de Arousa . Coordinadora da Dinamización do Grupo de Diversidades afectivo-sexuais de alumnado do IES Castro de Alobre. Integrante da Rede Educativo Apoio LGBTIQ+ de Galicia.

*Falaranos do sistema sexo-xénero, o binarismo e a sociedade cisheretopatriarcal: rompendo estereotipos no profesorado e no alumnado. Ámbitos de socialización: familia, entorno de iguais, centros educativos. A importancia da visibilidade e a naturalización. Marco lexislativo na educación: as leis e a realidade. Medidas educativas no IES Castro Alobre: o camiño desde 2007 con perspectiva de xénero. A Rede Educativo Apoio LGBTIQ+ de Galicia: quen somos?, ¿que facemos?*

13:00 Hs. **Mesa redonda** con Ana Amigo, Enrique Latorre e Paloma García para debate-preguntas do público.

## TARDE

**16:00 Hs. Conferencia:** “Acompañamento profesional a persoas trans e con xéneros expandidos desde un modelo transpositivo”.

**Sore Vega Sandín:** Psicóloga. Realizando o Doutoramento do Programa Persoa e Sociedade no Mundo Contemporáneo do Departamento de Psicoloxía Social da Facultade de Psicoloxía da UAB sobre a construción da subxectividade e estratexias de resistencia das persoas non binarias. Licenciatura en Psicoloxía pola UAB. Impulsore e psicóloga do Servizo TRÀNSIT da Sanidade Pública Catalá, acompañando en procesos terapéuticos a máis de 600 persoas trans e non binarias. Exerce en consulta privada como psicoterapeuta, supervisore e formadore en temática trans\* e non binaria en varios Masters universitarios. Activista Transfeminista. Actualmente colabora con varios proxectos da man de ARELAS, KasaTrans e beyondbinarybb.

*O obxectivo da conferencia é proporcionar un marco conceptual e ferramentas prácticas que nos axuden a ampliar o noso espectro de xénero, para entender a variabilidade humana como unha posibilidade máis en lugar de tratar de entender aos individuos segundo o xénero asignada medicamente baseado no seu sexo biolóxico. Como consecuencia, imos ser capaces de entender ás persoas trans e xéneros non conformes e darlles apoio e validación no noso rol de profesionais da saúde que acompañan ás persoas trans nos seus procesos vitais.*

**17:00 Hs. Conferencia:** “Situación legal/leis LGTBQA+ do país e estatais”

**Miguel Vieito:** xurista, avogado, investigador e asesor legal de ARELAS.

**18:00 Hs.** Descanso

**18:30 Hs. Mesa de persoas LGTBQA+** falando da súas experiencias no ámbito educativo, legal e da saúde.

**Durante todo o día Intervención colaborativa: Papeis que falan.** Vicente Blanco e Salvador Cidras, profesores da Área de Didáctica da Expresión Plástica da USC na Facultade de Formación do Profesora de Lugo.

**20:30 Hs. Clausura das xornadas.**

## UBICACIÓN DAS XORNADAS:

Museo Provincial de Lugo

## DATA DE REALIZACIÓN

12 de novembro de 2022.

## COMITÉ ORGANIZADOR DAS XORNADAS: (Movemento de investigación e estudo lucense, Diverses)

**Encarna Lago**, Xerente Rede Museística de Lugo.

**Cristina Palacios**, Traballadora social, docente e presidenta de ARELAS

**Isidoro Rodríguez**, Profesor Escola de Enfermería de Lugo

**Mario Alberto Rivas**, Profesor Escola de Enfermería de Lugo

**Miguel Vieito**, Avogado e asesor legal de ARELAS

**Salvador Cidras**, Profesor Facultade de Formación do Profesorado do Campus de Lugo

**Vicente Blanco**, Profesor Facultade de Formación do Profesorado do Campus de Lugo